

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

CENTENARIO DO SEU PASAMENTO

A homenaxe a Curros pasará por 35 concellos

As actividades arrincan o 25 de abril na Coruña coa inauguración da exposición 'Curros Enríquez. Nación, liberdade e progreso'.

Redacción - 17:15 18/04/2008

Curros Enríquez. Nación, liberdade e progreso é unha mostra exterior, que estará na Coruña, na zona do Obelisco, entre o 25 de abril e o 11 de maio. A exposición fai un percorrido pola significación literaria, social e política do escritor a través de oito paineis con información escrita e gráfica e proxeccións audiovisuais. A mostra trasladarase a Ourense do 15 ao 27 de maio e pasará por outras seis localidades

A Coruña, cidade na que Curros está soterrado, será o centro das homenaxes, e tamén abrirá un ciclo de conferencias, *Curros no seu tempo*, que xirará por varias cidades. Francisco Rodríguez falará sobre *A vixencia da obra de Curros*, Laura Mariño e Diego Pardo sobre *Curros Enríquez e a Igrexa do seu tempo*, Manuel Rei Romeu presentará o tema *Curros fronte ao poder establecido*, Pilar García Negro tratará *A defensa da lingua galega en Curros Enríquez*, e Elisardo Varela falará de *Curros en Cuba*.

Música, recitais poéticos e teatro

Os actos que conmemorarán este [Ano Curros](#), declarado pola [Real Academia Galega](#), inclúen tamén música, recitais poéticos e teatro, que como todas as actividades tamén viaxarán por un gran número de concellos. O compositor Paulino Pereiro presentará o 18 de maio no Teatro Rosalía de Castro da Coruña un concerto con catro composicións para cuarteto de corda creadas para conmemorar o Centenario, tres delas estreanas absolutas.

Mentres, o 15 de maio estrearase en Ourense o espectáculo poético-musical creado sobre textos de Curros. Co título *Na fronte unha estrela*, o espectáculo estruturase arredor de poemas e cantigas líricas baseadas nos seus textos. As pezas serán interpretadas pola mezzosoprano María José Ladra e o barítono e recitador Antón de Santiago, autor tamén do guión do espectáculo.

Finalmente, o grupo de teatro amador *Achádego* estreará o 1 de xuño na Coruña unha adaptación de *O divino sainete* realizada por Marica Campo.

Actividades en 35 concellos

A [conselleira de Cultura](#), Ánxela Bugallo, presentou este programa o venres 18 acompañada dos

concelleiros e concelleiras responsábeis da área de Cultura en Vigo, Xesús López Carrera; A Coruña, María Xosé Bravo; Ourense, Isabel Pérez; e Santiago, Néstor Rego, catro dos 35 concellos nos que se levarán a cabo actividades relacionadas co *Ano Curros*.